

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS****CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE**

*ORDE do 30 de decembro de 2024 pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para a continuidade das casas niño que iniciasen a súa actividade entre o 1 de outubro de 2016 e o 31 de decembro de 2024, e se procede á súa convocatoria (código de procedemento BS403G).*

O Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, establece no artigo 1.3.d) que a protección da maternidade é unha necesidade social e que todas as cargas e coidados que supón a gravidez, o parto, a crianza, a socialización das fillas e fillos deben recibir axuda directa das institucións públicas galegas, co fin de non constituír discriminación gravosa para as mulleres.

Neste sentido, a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, xa establece, no seu artigo 3, os obxectivos do sistema galego de servizos sociais, incluíndo entre estes o de proporcionar oportunidades e recursos que garantan a igualdade entre mulleres e homes e posibiliten a conciliación entre a vida persoal, familiar e laboral, así como o de garantir o apoio ás familias como marco de referencia en que se desenvolven as persoas.

Así mesmo, a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, recoñece no seu artigo 6 como un dos principios de responsabilidade pública o de atender, apoiar e protexer as familias como núcleo fundamental da sociedade no cumprimento das súas funcións.

Igualmente, a Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia, no seu artigo 45 establece que as administracións públicas de Galicia promoverán a conciliación da vida familiar, laboral e persoal, fundamentada no principio de igualdade entre mulleres e homes, tanto no ámbito doméstico como no laboral e na consideración de que o coidado das fillas e fillos e das persoas dependentes é tanto un dereito como unha responsabilidade dos poderes públicos e de toda a sociedade.

Por outra banda, o seu artigo 85.3 di que a consellaría competente en materia de política social impulsará novas fórmulas de prestación de servizos que permitan dotar os concellos de menos de cinco mil habitantes de recursos para a atención dos fillos e fillas menores de 3 anos e das persoas en situación de dependencia.



Tendo en conta o Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, e de conformidade co Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, atribúese á Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica o exercicio das políticas autonómicas en materia de acción social de apoio á familia, á infancia e á adolescencia, así como promover e adoptar as medidas que aseguren a conciliación corresponsable da vida persoal, familiar e laboral como medio para garantir un ambiente favorable para a creación e o libre desenvolvemento das familias.

A atención á infancia e o apoio ás familias é unha das liñas estratéxicas de actuación da Xunta de Galicia, articulada a través do Programa de apoio á natalidade (PAN), un programa integral cuxo obxectivo principal é aumentar o benestar das familias galegas mediante diferentes actuacións que se estruturan en tres eixos principais: axudas, servizos e recursos de conciliación.

En consonancia co anterior, esta orde de convocatoria diríxese a darlles continuidade ás casas niño que iniciasen a súa actividade entre o 1 de outubro de 2016 e o 31 de decembro de 2024 en núcleos rurais de Galicia que, por mor da súa escaseza de poboación, carecían de recursos de atención continuada á infancia de ata tres anos de idade, coa finalidade de seguir atendendo as necesidades de conciliación das familias con independencia do seu lugar de residencia e, ao mesmo tempo, seguir favorecendo o acceso ao mercado laboral e a permanencia no territorio das mulleres como factor clave para a fixación de poboación nestes territorios afectados polo declive demográfico.

A Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, modificada pola Orde do 27 de novembro de 2000 e pola Orde do 25 de outubro de 2001, posibilita a tramitación anticipada dos expedientes de gasto imputables ao capítulo IV no exercicio inmediatamente anterior ao dos orzamentos con cargo aos cales se vaian imputar os correspondentes gastos, sempre que exista crédito axeitado e suficiente no proxecto de lei de orzamentos xerais para o ano 2025 que foi aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 18 de outubro de 2024.

De acordo co disposto no artigo 3.1 da Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, a tramitación anticipada poderá chegar, como máximo, ata o momento anterior ao da disposición ou compromiso de gasto. Así mesmo, segundo o establecido no seu artigo 5, todos os actos de trámite ditados en desenvolvemento desta orde enténdense condicionados a que, unha vez aprobada a Lei de orzamentos xerais da



Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025, subsistan as mesmas circunstancias de feito e de dereito existentes no momento da súa produción.

Así o exposto, esta orde de convocatoria axústase á Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, á Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ao Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e ao Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Na súa virtude, en uso das facultades que teño atribuídas e para a debida aplicación dos créditos orzamentarios para o fin ao que foron establecidos,

### RESOLVO:

#### Artigo 1. *Obxecto*

Esta orde ten por obxecto aprobar as bases reguladoras polas que se rexerá a concesión de axudas en réxime de concorrencia non competitiva ás persoas titulares de casas niño que iniciasen a súa actividade entre o 1 de outubro de 2016 e o 31 de decembro de 2024, e proceder á súa convocatoria coa finalidade de dar continuidade a este recurso e seguir atendendo as necesidades de conciliación da vida persoal, familiar e laboral das familias nos concellos rurais de Galicia nos que están establecidas co financiamento dos gastos nos anos 2025, 2026, 2027 e ata o 31 de agosto do ano 2028 (código de procedemento BS403G).

#### Artigo 2. *Financiamento*

1. Ás axudas obxecto desta convocatoria destínase un orzamento total 10.534.840 € dos cales 9.966.340,00 € imputaranse á aplicación orzamentaria 08.02.312B.470.0 e 568.500,00€ á aplicación 08.02.312B.770.0, desagregados da seguinte maneira:

Aplicación	Importe 2025	Importe 2026	Importe 2027	Importe 2028	Importe total
08.02.312B.470.0	2.407.000,00 €	2.639.000,00€	2.871.000,00 €	2.049.340,00 €	9.966.340,00 €
08.02.312B.770.0	124.500,00 €	136.500,00 €	148.500,00 €	159.000,00 €	568.500,00 €
Total	2.531.500,00 €	2.775.500,00 €	3.019.500,00 €	2.208.340,00 €	10.534.840,00 €

2. De acordo co previsto no artigo 31.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, excepcionalmente, poderase ampliar a contía máxima dos créditos dispoñibles cando o aumento veña derivado dunha xeración, ampliación ou incorporación de crédi-



to; da existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou a créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo; dunha transferencia de crédito. O incremento do crédito queda condicionado á declaración de dispoñibilidade como consecuencia das circunstancias sinaladas e, se é o caso, logo da aprobación da modificación orzamentaria que proceda. A ampliación do crédito publicarase nos mesmos medios que a convocatoria sen que implique a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio de novo cómputo de prazo para resolver.

### Artigo 3. *Persoas beneficiarias*

1. Poderán optar ás axudas, a través dunha prima e ás axudas de investimento, financiadas con cargo ás aplicacións orzamentarias 08.02.312B.470.0 e 08.02.312B.770.0 respectivamente, as persoas físicas e cooperativas de traballo asociado titulares das casas niño recollidas no artigo 1 que estean en funcionamento e manteñan a súa situación de alta fiscal e na Seguridade Social como persoas traballadoras por conta propia da seguinte maneira:

a) Para a subvención da anualidade 2025 poderán ser beneficiarias as persoas titulares de casas niño que iniciasen a súa actividade entre o 1 de outubro de 2016 e o 31 de decembro de 2021.

b) Para a subvención da anualidade 2026 poderán ser beneficiarias as persoas titulares de casas niño que iniciasen a súa actividade entre o 1 de outubro de 2016 e o 31 de decembro de 2022.

c) Para a subvención da anualidade 2027 poderán ser beneficiarias as persoas titulares de casas niño que iniciasen a súa actividade entre o 1 de outubro de 2016 e o 31 de decembro de 2023.

d) Para a subvención correspondente ata o 31 de agosto da anualidade 2028 poderán ser beneficiarias as persoas titulares de casas niño que iniciasen a súa actividade entre o 1 de outubro de 2016 e o 31 de decembro de 2024.

2. As persoas solicitantes deberán acreditar mediante declaración responsable que non están incursas en ningunha das causas de prohibición previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para obter a condición de beneficiarias.



**Artigo 4. *Natureza e contía das axudas***

1. Para a reposición do equipamento, material didáctico e/ou de xogo, destinarase unha subvención de 1.500 €.

2. Para a prestación dunha atención personalizada a nenos e nenas de 0-3 anos destinarase unha prima de 29.000 €/ano, se concorren as seguintes condicións:

a) A casa niño continuará ofrecendo unha atención integral e personalizada a nenos e nenas en idades comprendidas entre os 3 meses e os 3 anos, a cal comprenderá a atención específica das súas necesidades básicas de alimentación, hixiene e descanso de acordo coa súa idade e a contribución ao seu desenvolvemento físico, motor, afectivo, intelectual e social. A este respecto, deseñarase e organizarase un ambiente que faga posible a construción das primeiras aprendizaxes de identidade e autonomía persoal, de relación coa contorna e de comunicación social, sempre en estreita colaboración coas familias.

b) A atención prestarase con carácter gratuíto na modalidade de atención diúrna, e a casa niño permanecerá aberta durante oito horas diarias, de luns a venres durante todo o ano agás os días festivos, o día 24 e 31 de decembro e un mes cada doce, en que estará pechada por vacacións.

c) Salvo as excepcións contidas na letra anterior, a casa niño debe manterse en funcionamento ininterrompidamente durante todo o ano polo que é necesario contar cunha persoa que substitúa a persoa titular da casa niño no caso de enfermidade ou calquera outro motivo de ausencia temporal desta, agás causas imprevisibles e inevitables.

d) A atención prestada nas casas niño comprenderá o servizo de cociña, entendendo por este o quentamento de alimentos, a hixiene dos nenos e nenas e o desenvolvemento de actividades de tipo educativo, como obradoiros e xogos e acompañamento no xogo libre. En todo caso, serán achegados polas familias tanto o leite e alimentos xa cocinados como o material de hixiene tales como cueiros, toallíñas ou cremas.

e) As familias poderán levar os nenos e nenas un máximo de oito horas diarias nun horario flexible que se pactará coa persoa titular da casa niño que estea a desenvolver o proxecto. Tamén se pactará coas familias un mes ao ano en que a casa niño permanecerá pechada por vacacións.



f) Cada casa niño terá un máximo de cinco prazas. Para os efectos desta orde, as nenas e nenos con necesidades específicas de apoio educativo ocuparán dúas prazas, e non poderá, en ningún caso, haber máis dun neno ou nena con estas necesidades por casa.

3. Os nenos e nenas que acudan á casa niño deberán estar en todo caso empadroados/as no concello en que esta se sitúe ou nun limítrofe onde non existan recursos de atención á infancia de ata tres anos de idade ou, de existir, que os nenos/as estean en lista de espera e acreditar o cumprimento do calendario de vacinación infantil do Programa galego de vacinación.

4. No suposto de que haxa unha demanda de prazas superior ás que se ofertan, terán prioridade os/as fillos/as das titulares das casas niño, e, a seguir, se as houber, os/as fillos/as de mulleres vítimas de violencia de xénero empadroadas no concello en que se sitúe a casa niño ou nun limítrofe onde non existan recursos de atención á infancia de ata tres anos de idade, a continuación as de irmáns/ás de nenos e nenas que xa están asistindo á casa niño e as de nenos e nenas empadroados/as no concello, por esta orde. De ser aínda necesario, aplicarase o baremo de acceso ás prazas coas puntuacións establecidas no anexo V.

#### Artigo 5. *Requisitos*

Serán requisitos necesarios para a concesión desta axuda:

a) Que a persoa solicitante teña a súa residencia nun concello da Comunidade Autónoma de Galicia.

b) Acreditar un correcto estado de saúde.

c) Atender un número mínimo de 2 nenos/as.

d) Dispoñer dun plan de actuación cos/coas nenos/as para atender eventuais emerxencias que se poidan producir na casa niño.

e) Ter contratada unha póliza de seguro que cubra as contingencias de responsabilidade civil, danos a terceiras persoas e accidentes durante o desenvolvemento da actividade subvencionada.



f) Contar coa comunicación da consellería competente en materia de política social para ter iniciado a actividade da casa niño entre o 1 de outubro de 2016 e o 31 de decembro de 2024.

#### Artigo 6. *Concorrenza con outras axudas ou subvencións públicas*

1. A percepción destas axudas é compatible con outras subvencións, axudas e ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra Administración ou ente público ou privado.

2. No caso de percibirse outras axudas, deberase acreditar documentalmente a súa natureza e contía, así como calquera circunstancia que poida afectar substancialmente a execución das actuacións. A comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

3. En ningún caso o importe das axudas concedidas ao abeiro desta orde poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas, ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere os gastos da actividade subvencionada.

4. As persoas solicitantes deberán declarar na solicitude todas as axudas e subvencións solicitadas, concedidas ou percibidas para a mesma finalidade, usando o formulario establecido para o efecto nesta orde, o cal terán que volver achegar actualizado no suposto de variar as circunstancias inicialmente declaradas.

#### Artigo 7. *Forma, lugar e prazo de presentación de solicitudes*

1. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado, anexo I, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.



Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

2. O prazo de presentación das solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte, e se no mes de vencemento non houberse día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último día do mes.

3. De conformidade co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, se a solicitude non reúne algún dos requisitos exixidos nestas bases reguladoras, o órgano responsable da tramitación requirirá as persoas interesadas para que, nun prazo de dez días hábiles, emenden a falta ou acheguen os documentos preceptivos. Neste requirimento farase indicación expresa de que, se así non o fixeren, se terán por desistidas da súa petición, logo da correspondente resolución, nos termos previstos no artigo 21 da dita lei.

#### Artigo 8. *Documentación complementaria*

1. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

a) Certificado médico oficial acreditativo do estado de saúde.

b) Programa de actuación da casa niño onde consten as actividades que se desenvolverán cos nenos e nenas e as prestacións ás familias (máximo 5 páxinas).

c) Xustificante de ter aboada a prima da póliza do seguro que cubra as contingencias de responsabilidade civil, danos a terceiras persoas e accidentes durante o desenvolvemento da actividade subvencionada.

d) Anexo II relativo á comprobación de datos da persoa que se encargará de substituír a persoa titular da casa niño nos supostos de enfermidade ou calquera outro motivo de ausencia temporal desta, agás causas imprevisibles e inevitables.

2. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica.





Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

3. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se dispón del.

4. No caso de que algún dos documentos que se vai presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no número anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

#### Artigo 9. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

a) Documento nacional de identidade (DNI)/número de identidade de estranxeiro (NIE) da persoa solicitante e da persoa que se encargará de substituír a titular da casa niño nos supostos de enfermidade ou calquera outro motivo de ausencia temporal desta.

b) Certificado de empadramento da persoa solicitante.

c) Inhabilitación para obter subvencións ou axudas.

d) Concesión de subvencións ou axudas.

e) Certificación negativa do Rexistro Central de Delinquentes Sexuais da persoa solicitante e da persoa que se encargará de substituír a titular da casa niño nos supostos de enfermidade ou calquera outro motivo de ausencia temporal desta.



- f) Situación de alta na Seguridade Social da persoa solicitante.
- g) Situación de alta no imposto de actividades económicas da persoa solicitante.
- h) Certificación de estar ao día nas obrigas tributarias emitida pola Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) da persoa solicitante.
- i) Certificación de estar ao día nas obrigas coa Seguridade Social da persoa solicitante.
- j) Certificación de estar ao día nas obrigas tributarias coa Facenda da Comunidade Autónoma de Galicia da persoa solicitante.
- k) Titulacións oficiais universitarias da persoa que se encargará de substituír a persoa titular da casa niño nos supostos de enfermidade ou calquera outro motivo de ausencia temporal desta.
- l) Titulacións oficiais non universitarias da persoa que se encargará de substituír a persoa titular da casa niño nos supostos de enfermidade ou calquera outro motivo de ausencia temporal desta.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario correspondente e achegar os documentos.

Cando así o exixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

#### Artigo 10. *Procedemento de concesión e resolución das axudas*

1. O procedemento de concesión da axuda é o de concorrencia non competitiva, por non ser necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos, de acordo co previsto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

As axudas tramitaranse por un procedemento abreviado en que o órgano instrutor, a subdirección con competencias en materia de demografía e conciliación, formularalle ao



órgano concedente a proposta de resolución tras comprobar a concorrencia dos requisitos requiridos para a súa concesión.

2. Así mesmo, estas axudas ampáranse no réxime *de minimis* establecido no Regulamento (UE) núm. 2023/2831 da Comisión, do 13 de decembro de 2023, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* (DOUE L, do 15 de decembro). Esta circunstancia farase constar expresamente na resolución de concesión. Polo tanto, o importe total das axudas *de minimis* concedidas a unha única empresa non excederá os 300.000 € durante calquera período de tres anos.

3. A resolución destas axudas correspóndelle á persoa titular da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, por delegación da persoa titular da Consellería de Política Social e Igualdade, no prazo de dous meses contado desde o día seguinte ao da data en que a solicitude teña entrada no rexistro do órgano competente para a súa tramitación. Transcorrido o dito prazo sen recaer resolución expresa, as solicitudes teranse por desestimadas.

#### Artigo 11. *Notificacións*

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practicaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderá, de oficio, crear o indicado enderezo, para os efectos de asegurar que as persoas interesadas cumpran a súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.



4. As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido, entendéndose rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

#### Artigo 12. *Trámites administrativos posteriores á presentación da solicitude*

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar tras a presentación da solicitude deberán ser efectuados electronicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

#### Artigo 13. *Réxime de recursos*

As resolucións expresas ou presuntas que se diten ao abeiro da presente orde porán fin á vía administrativa e contra elas poderá interporse ben o recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que as ditou, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, se esta fose expresa, ou en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ben directamente o recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación, se esta fose expresa, ou de seis meses a partir do día seguinte ao que se produza o acto presunto.

No caso de interpor o recurso de reposición, non se poderá interpor o recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do dito recurso.

#### Artigo 14. *Modificación da resolución*

De acordo co artigo 17.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, a alteración das condicións tidas en conta para a súa concesión e, en todo caso, a obtención de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.



**Artigo 15. Obrigas das persoas beneficiarias**

1. As persoas beneficiarias destas axudas obríganse a observar o disposto no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e ademais especificamente a:

a) Remitir os informes e demais documentación que reclamen os órganos competentes da Consellería de Política Social e Igualdade.

b) Facilitar a inspección e control dos órganos competentes da Consellería de Política Social e Igualdade respecto das exixencias de acondicionamento do inmovible e máis da atención prestada na casa niño subvencionada.

c) Realizar a selección de solicitudes para a adxudicación de prazas na casa niño de acordo co baremo e coa puntuación establecidos no anexo V no suposto de que a demanda de prazas sexa superior á oferta.

d) Solicitar copia da cartilla de vacinación infantil do neno ou nena para a formalización da matrícula.

e) Prestar atención personalizada aos nenos e nenas nas condicións previstas no artigo 4. Nos supostos en que se vexa afectada a actividade presencial por indicación da autoridade sanitaria estarase ao disposto no artigo 18.

f) Manter a situación de alta fiscal e na Seguridade Social como persoas traballadoras por conta propia.

g) Enviar mensualmente o rexistro de asistencia das persoas usuarias da casa niño, anexo IV, asinado pola persoa titular da casa niño e máis polos/as pais/nais, titores/as ou gardadores/as legais dos nenos e nenas que acoden á casa niño.

h) Ter cubertos e actualizados na aplicación Escinf a relación nominal dos nenos e nenas que asisten á casa niño, con indicación dos días e horas diarias, no enderezo seguinte: <https://escinf.xunta.es/escinfextweb>

i) Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

j) Dar a adecuada publicidade das axudas percibidas a través do taboleiro de anuncios da casa niño e da páxina web, no caso de que dispoñan dela.



k) Dar a adecuada publicidade ao número de solicitudes de praza recibidas e, de ser o caso, do baremo aplicado para a súa selección, a través do taboleiro de anuncios da casa niño e da páxina web, no caso de que dispoñan dela.

l) Manter en vigor a póliza do seguro que cubra as contingencias de responsabilidade civil, danos a terceiras persoas e accidentes durante o desenvolvemento da actividade subvencionada.

2. As persoas beneficiarias teñen a obriga de subministrar información nos termos previstos no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

#### Artigo 16. *Xustificación da axuda*

1. Para a xustificación da axuda concedida para a prestación dunha atención personalizada a nenos e nenas de 0-3 anos a través da prima, en cada anualidade con data límite do 5 de decembro do ano correspondente as persoas interesadas deberán achegar os seguintes documentos:

a) Memoria de actuación asinada pola persoa titular da casa niño onde consten as actividades realizadas cos nenos e nenas e todas as prestacións realizadas ás familias.

b) Acreditación documental, material e/ou gráfica, a través de fotografías, copias ou capturas de pantallas, do cumprimento da obriga de información e publicidade do financiamento público da acción subvencionada.

2. Para xustificar a axuda do investimento para a reposición do equipamento, material didáctico e/ou de xogo, que comprenderá as actuacións realizadas entre o 1 de xaneiro e o 31 de marzo da respectiva anualidade, con data límite do 30 de abril da anualidade correspondente xunto coa solicitude de pagamento (anexo III) as persoas interesadas deberán achegar os seguintes documentos:

a) Unha relación clasificada dos gastos e investimentos realizados na reposición do equipamento, material didáctico e/ou de xogo, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e de pagamento.

b) Copia das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente do total dos gastos realizados xunto cos xustificantes bancarios que acrediten o seu pagamento.



3. No caso de que a xustificación fose incorrecta e/ou incompleta, requirirase a persoa beneficiaria para que corrixa os erros ou defectos observados e/ou achegue os documentos solicitados no prazo de dez días, advertíndolle que, de non facelo, se procederá, logo de resolución, á revogación da axuda pola perda do dereito á percibir á subvención concedida e, de ser o caso, ao reintegro da contía percibida e á exigencia dos xuros de mora.

#### Artigo 17. *Pagamento*

1.As persoas beneficiarias das axudas percibirán ata o 100 % da cantidade da prima concedida en concepto de pagamento anticipado, con anterioridade á súa xustificación, que se fará efectivo a partir da notificación da concesión.

Nas sucesivas anualidades realizarase, unha vez que se abra contablemente o correspondente exercicio orzamentario, un pagamento anticipado de ata o 100 % da subvención que corresponda por este concepto.

O importe restante librarase nas sucesivas anualidades logo da xustificación polas persoas beneficiarias do desenvolvemento do proxecto nas condicións exixidas nesta orde.

2. As persoas beneficiarias percibirán o pagamento único dos gastos de investimento realizados na reposición do equipamento, material didáctico e/ou de xogo realizadas unha vez presentada a xustificación.

3. Antes de proceder ao pagamento de cada liquidación final anual de cada unha das liñas de subvención, o órgano xestor incorporará ao expediente a acreditación de que as adxudicatarias están ao día nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e que non teñen pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración da Comunidade Autónoma.

#### Artigo 18. *Incumprimento, revogación e reintegro de axudas*

1. De acordo co establecido no artigo 14.1.n) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, dará lugar á perda do dereito ao cobramento ou, se é o caso, ao reintegro da totalidade da axuda percibida calquera incumprimento das seguintes obrigas:

a) Cando se obtivese a subvención falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que o impedisen.



b) Cando se incumpran totalmente o obxectivo, a actividade da casa niño ou non se adopte o comportamento que fundamentou a concesión da subvención.

c) Cando se incumpra totalmente a obriga da xustificación da subvención.

d) Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas nos artigos 11 e 12 da lei 9/2007, do 13 de xuño, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistras ou de conservación de documentos cando diso derivase a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

2. Procederá o reintegro parcial proporcional ao grao de incumprimento nos seguintes supostos:

a) Cando se incumpran parcialmente o obxectivo, a actividade do proxecto ou se adopte de xeito parcial o comportamento que fundamentou a concesión da subvención, entre o 2 % e o 50 % da axuda percibida, en proporción ao período do ano en que se producise o incumprimento.

Nos supostos en que a actividade presencial se vexa afectada por indicación da autoridade sanitaria por tempo superior a un mes procederá o reintegro do 2 % da contía da axuda percibida en proporción ao período de tempo de inactividade sempre que a persoa beneficiaria mantivese a súa alta como traballadora autónoma no réxime especial de traballadores autónomos da Seguridade Social e a súa alta fiscal.

b) No caso de xustificación insuficiente segundo os termos do artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procederá o reintegro das cantidades non xustificadas ou xustificadas insuficientemente.

c) Cando se incumpra a obriga de adoptar as medidas de difusión establecidas no artigo 15, procederá o reintegro do 10 % da axuda percibida.

d) Cando se dea algún incumprimento do resto das obrigas recollidas no artigo 15, procederá o reintegro de entre o 2 % e o 80 % da axuda percibida, de xeito proporcional ao grao de incumprimento, tendo en conta a súa duración e o alumnado afectado.





3. No suposto previsto no número 3 do artigo 17 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procederá o reintegro do exceso obtido sobre o custo da actividade subvencionada, así como a existencia do xuro de mora correspondente.

4. Para facer efectiva a devolución a que se refiren os números anteriores, tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e na súa normativa de desenvolvemento.

5. Con anterioridade ao requirimento previo da Administración, as persoas beneficiarias poderán realizar con carácter voluntario a devolución do importe da axuda obxecto de reintegro.

Esta devolución efectuarase mediante ingreso na conta operativa do Tesouro da Xunta de Galicia ES82-2080-0300-87-3110063172, segundo o disposto na normativa reguladora do procedemento de recadación, e o importe incluírá os xuros de demora, de acordo co previsto no artigo 34 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

#### Artigo 19. *Valoración da situación económica*

1. Nos supostos de que, conforme o previsto no artigo 4.2.f), haxa que aplicar o baremo que se recolle no anexo V na valoración da situación económica seguiranse as seguintes regras:

a) Entenderase por unidade familiar a formada pola/s persoa/s proxenitora/s, ou a persoa proxenitora e o/a cónxuxe ou persoa con análoga relación de afectividade, e máis:

1º. As fillas e os fillos menores, agás que, con consentimento do/da pai/nai, vivan de xeito independente.

2º. As fillas e os fillos maiores de idade con incapacitación xudicial e patria potestade prorrogada ou rehabilitada.

3º. As fillas e os fillos maiores de dezoito anos cun grao de discapacidade superior ao 33 por cento.

4º. As menores e os menores en situación de garda con fins adoptivos ou en situación de acollemento familiar por tempo superior a un ano.



A determinación dos membros da unidade familiar realizarase atendendo á situación existente no momento de presentación da solicitude de praza.

b) Tomarase o importe dos ingresos totais da unidade familiar, que será o resultado da agregación das rendas de cada un dos seus membros, correspondente ao último período impositivo con prazo de presentación vencido no momento de presentación da solicitude, calculadas por agregación da base imponible xeral coa base imponible do aforro, segundo os criterios establecidos na normativa do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF).

No suposto de unidades familiares en que ningún dos seus membros ten obrigaón de facer declaración conforme o previsto na normativa do IRPF, os ingresos serán os que consten no/s certificado/s expedidos pola Axencia Estatal de Administración Tributaria acreditativo/s de tal aspecto.

c) O importe anterior dividirase polo número de membros computables da unidade familiar. No caso de familias monoparentais incrementarase o número real de membros que a compoñen nun 0,8.

d) A renda *per capita* mensual será o resultado de dividir o importe resultante por doce.

2. Cando as circunstancias á data da devindicación da declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas non coincidan coas circunstancias concorrentes no momento de presentación da solicitude de praza, teranse en conta estas últimas, previamente xustificadas documentalmente.

#### Artigo 20. *Infraccións e sancións*

Ás persoas beneficiarias das axudas reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no título VI do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### Artigo 21. *Control e verificación*

Todas as axudas concedidas ao abeiro desta orde estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece o título III da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e a súa normativa de desenvolvemento, e ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas.



**Artigo 22. *Transparencia e bo goberno***

1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, a que se atopen vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para que por aquela cumpra as obrigas previstas no título I da citada lei.

**Disposición adicional primeira. *Tramitación anticipada***

De acordo co disposto no artigo 3.1 da Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, a tramitación anticipada poderá chegar como máximo ata o momento anterior ao da disposición ou compromiso de gasto. Así mesmo, segundo o establecido no artigo 5 da devandita orde e no artigo 25 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, todos os actos de trámite ditados en desenvolvemento desta orde enténdense condicionados a que, unha vez aprobada a Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025, subsistan as mesmas circunstancias de feito e de dereito existentes no momento da súa produción.

A concesión das subvencións obxecto desta convocatoria queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución de concesión.

**Disposición adicional segunda. *Cambio de localización da casa niño***

No suposto de que se produza un cambio de localización da casa niño poderase manter a condición de beneficiaria das axudas reguladas nesta orde sempre que o novo emprazamento estea no mesmo concello e nun núcleo rural en que non exista ningunha outra casa niño, ou de existir, estea xustificado o seu traslado por ser o referido núcleo rural do mesmo concello onde se concentra a maior demanda, ou outro recurso de atención continuada á infancia de ata 3 anos de idade e que se presente un informe emitido por un técnico con titulación habilitante acreditativo de que o novo inmovible proposto cumpre, segundo se trate



de inmobles destinados ou non a vivenda, coas condicións de habitabilidade ou coas do Código técnico da edificación, e que conte coas seguintes dotacións:

1º. Sistema de calefacción que cubra todas as estancias dedicadas ao desenvolvemento da iniciativa e conte coa protección dos elementos calefactores precisa para evitar as queimaduras por contacto, os atrapamentos ou outros riscos para a integridade das e dos menores.

2º. Unha sala con iluminación e ventilación naturais directas e un mínimo de 20 metros cadrados, distribuída e organizada con criterios de flexibilidade para dar resposta ás distintas necesidades das nenas e nenos de 0-3 anos.

3º. Dúas zonas, unha para o descanso e outra para a hixiene infantil. A zona de descanso e, de ser o caso, o mesado cambiador poderán estar integrados na sala principal.

4º. Unha zona para a preparación, almacenamento e conservación de alimentos dotada, cando menos, dun mesado, frigorífico, vertedoiro e microondas.

5º. Elementos de protección: enchufes de seguridade infantil sempre que se sitúen por debaixo de 1,5 metros, protectores de dedos nas dúas caras das portas, seguros de ventás, barreira de seguridade con porta en zonas con diferentes alturas ou escaleiras e extintor/es para a protección contra incendios.

6º. Un mobiliario e equipamento básico para a atención das nenas e nenos que incluírá como mínimo: cambiador de cueiros, berces, sabas, mantas, colchóns, contedor de cueiros, ouriñais, tronas, hamacas, adaptadores de inodoro e materiais didácticos e de xogo axeitados para as idades dos nenos e nenas e con marcado CE.

En todo caso, o mobiliario deberá ter bordos romos ou protectores que os cubran para que careza de arestas. Así mesmo, na sala e na zona de descanso, no suposto de estar nunha estancia separada, os materiais dos solos e das paredes ata unha altura de 1,5 metros deberán ser cálidos, lisos, non porosos, facilmente lavables e aptos para a súa desinfección. Na sala deberá crearse unha superficie continua e non esvaradía, axeitada para gatear.

As estancias e zonas anteriormente citadas deben estar situadas nun único andar. No caso de tratarse dun inmovible non destinado a vivenda, este deberá estar ademais en planta baixa.



Os requisitos enumerados a partir do punto 1º serán comprobados polos servizos de inspección da Consellería de Política Social e Igualdade con carácter previo á comunicación da continuidade da actividade no novo inmovible.

Disposición adicional terceira. *Persoas substitutas*

Cada persoa titular dunha casa niño poderá designar para ser substituída nos supostos recollidos no artigo 4.2.c) ata tres profesionais que poderán ser comúns a outras casas niño.

Disposición adicional cuarta. *Cambio de titularidade da casa niño*

Se a persoa titular da casa niño, por causas debidamente xustificadas, non puidese continuar coa prestación da actividade, a persoa designada para a súa substitución poderá subrogarse na titularidade e na condición de beneficiaria sempre que reúna os requisitos establecidos na convocatoria.

No caso de existir varias persoas substitutas terá preferencia a persoa nomeada en primeiro lugar e, na súa falta, aquela que teña unha maior idade, sempre que reúnan os requisitos establecidos na convocatoria.

Disposición adicional quinta. *Transmisión de información á Base de datos nacional de subvencións*

Transmitirase á Base de datos nacional de subvencións a información necesaria de conformidade co disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Disposición adicional sexta. *Límite das axudas*

A concesión das axudas reguladas nesta orde terá como límite global o crédito asignado nos orzamentos para estes fins.

Disposición adicional sétima. *Delegación de competencias*

Apróbase a delegación das facultades para a concesión destas subvencións a favor do director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, ao abeiro do establecido no artigo 7.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.



Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento da orde*

Autorízase o director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica para ditar os actos e instrucións necesarios para o desenvolvemento desta orde.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2024

Fabiola García Martínez  
Conselleira de Política Social e Igualdade

#### ANEXO V

#### **Baremo admisión casa niño**

Nos supostos previstos no artigo 4.4, as prazas adxudicaranse segundo o que resulte da aplicación do seguinte baremo:

– Situación familiar.

Condición de familia monoparental: 3 puntos.

Condición de familia numerosa: 3 puntos.

– Situación laboral ou académica.

1. Criterios sobre a situación laboral ou académica:

a) Situación laboral ou de realización de estudos que impliquen dedicación preferente debidamente xustificada:

Nai: 8 puntos.

Pai: 8 puntos.



b) Persoas desenvolvendo e percibindo o tramo de inserción (Risga):

Nai: 3 puntos.

Pai: 3 puntos.

c) Situación de busca activa de emprego:

Nai: 2 puntos.

Pai: 2 puntos.

A situación de busca activa de emprego acreditarase coa certificación de demanda de emprego.

No caso de familias monoparentais adxudicáraselles a puntuación da epígrafe correspondente computando por dous.

2. Sobre as puntualizacións sobre o concepto de situación laboral terase en conta:

a) Para efectos de baremación, a situación de incapacidade permanente, absoluta ou grande invalidez computarase como traballo a xornada completa ou parcial.

b) Na valoración dos estudos enténdese por estudos os dirixidos á obtención de títulos oficiais como ESO, bacharelato, formación profesional, titulacións universitarias, ou formación para a capacitación profesional entre outras.

Así mesmo, entenderase que existe dedicación preferente cando a persoa interesada presente a matrícula e un certificado de asistencia regular.

– Situación económica.

Renda *per capita* mensual da unidade familiar, referida ao indicador público de renda de efectos múltiples (Iprem) vixente:

– Inferior ao 30 % do Iprem: +8 puntos.

– Do 30 % ou superior e inferior ao 50 % do Iprem: +7 puntos.

– Do 50 % ou superior e inferior ao 75 % do Iprem: +6 puntos.



- Do 75 % ou superior e inferior ao 100 % do Iprem: +5 puntos.
- Do 100 % ou superior e inferior ao 125 % do Iprem: +4 puntos.
- Do 125 % ou superior e inferior ao 150 % do Iprem: +3 puntos.
- Do 150 % ao 200 % do Iprem: +2 puntos.
- Superior ao 200 % do IPREM: +1 puntos.

No caso de empate na puntuación, terá preferencia a solicitude coa renda máis baixa, de persistir o empate, este resolverase en función da data de presentación da solicitude.





PROCEDEMENTO AXUDAS PARA A CONTINUIDADE DAS CASAS NIÑO	CÓDIGO DE PROCEDEMENTO <b>BS403G</b>	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	-------------------------

<b>DATOS DA PERSOA SOLICITANTE</b>							
<b>IDENTIFICACIÓN</b>							
TIPO	NÚM.	PAÍS EMISOR					
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>					
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO					
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>					
<b>ENDEREZO</b>							
PAÍS							
<input type="text"/>							
TIPO	NOME DA VÍA	NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA		
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE				
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>				
<b>CONTACTO</b>							
PREFIXO	TELÉFONO 1	PREFIXO	TELÉFONO 2				
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>				
CORREO ELECTRÓNICO							
<input type="text"/>							

<b>E, NA SÚA REPRESENTACIÓN</b> (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)							
<b>IDENTIFICACIÓN</b>							
TIPO	NÚM.	PAÍS EMISOR					
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>					
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO					
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>					

<b>DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN</b>		
Todas as notificacións ás persoas interesadas realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia - <a href="https://notifica.xunta.gal">Notifica.gal</a> ( <a href="https://notifica.xunta.gal">https://notifica.xunta.gal</a> ). Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365. Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que poderán cambiar en calquera momento a través de <a href="https://notifica.gal">Notifica.gal</a> :		
PREFIXO	TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>



**XUNTA  
DE GALICIA**CONSELLERÍA DE  
POLÍTICA SOCIAL  
E IGUALDADE**ANEXO I**  
(continuación)**DATOS BANCARIOS** Formato IBAN Formato BIC

Declaro baixo a miña responsabilidade que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.

TITULAR DA CONTA

NÚMERO DE CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)

IBAN

**DATOS DA CASA NIÑO**

NOME

DATOS DE OCUPACIÓN (Nº DE  
PRAZAS OCUPADAS)**ENDEREZO**

PAÍS

TIPO

NOME DA VÍA

NÚM.

BLOQ.

ANDAR

PORTA

CÓDIGO POSTAL

PROVINCIA

CONCELLO

LOCALIDADE

**CONTACTO**

PREFIXO

TELÉFONO 1

PREFIXO

TELÉFONO 2

CORREO ELECTRÓNICO

**AXUDA QUE SOLICITA** Prima Investimento

**A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:**
**1. Que, en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:**

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención.
- Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	IMPORTE (€)

**2. Que, en relación coas axudas *de minimis*:**

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha axuda *de minimis*.
- Si solicitou e/ou se lle concederon axudas *de minimis*, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	ANO	DISPOSICIÓN REGULADORA	IMPORTE (€)

**3. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.**
**4. Que os documentos que se relacionan non sufriron variación respecto dos que están en poder da Consellería de Política Social e Igualdade:**

- Proposta pedagóxica básica que en todo caso deberá abordar os seguintes contidos: período de adaptación, alimentación, a hixiene, o descanso, hábitos de autonomía persoal e a programación xeral dunha xornada.
- Plan de actuación cos nenos/as ante unha emerxencia.
- Datos de identificación e titulación da persoa que se encargará de substituír a titular nos supostos de ausencia.

**5. Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.**
**6. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.**

Así mesmo, comprométo-me a manter o cumprimento destes requisitos durante o período de tempo en que perciba esta subvención e a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

**DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE**

- Certificado médico oficial acreditativo do estado de saúde.
- Programa de actuación da casa niño onde consten as actividades que se desenvolverán cos nenos e nenas e as prestacións ás familias (máximo 5 páxinas).
- Xustificante de ter aboada a prima da póliza do seguro que cubra as contingencias de responsabilidade civil, danos a terceiras persoas e accidentes durante o desenvolvemento da actividade subvencionada.
- Anexo II relativo á comprobación de datos da persoa que se encargará de substituír a persoa titular da casa niño nos supostos de enfermidade ou calquera outro motivo de ausencia temporal desta, agás causas imprevisibles e inevitables.



COMPROBACIÓN DE DATOS	
<b>Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.</b>	<b>OPÓÑOME Á CONSULTA</b>
DN/NIE da persoa solicitante	<input type="checkbox"/>
Certificado de empadramento	<input type="checkbox"/>
Inhabilitación para obter subvencións ou axudas	<input type="checkbox"/>
Concesión de subvencións ou axudas	<input type="checkbox"/>
Certificación negativa do Rexistro Central de Delinquentes Sexuais	<input type="checkbox"/>
Situación de alta na Seguridade Social	<input type="checkbox"/>
Certificación de estar ao día nas obrigas coa Seguridade Social	<input type="checkbox"/>
Certificación de estar ao día nas obrigas tributarias coa Facenda da Comunidade Autónoma de Galicia	<input type="checkbox"/>
<b>CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS</b>	<b>AUTORIZO A CONSULTA</b>
<b>A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.</b>	
Situación de alta no imposto de actividades económicas	<input type="radio"/> Si <input type="radio"/> Non
Certificación de estar ao día nas obrigas tributarias emitida pola AEAT	<input type="radio"/> Si <input type="radio"/> Non
INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS	
Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería de Política Social e Igualdade.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais inclúiranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Legitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigos 6.1, letras c) e e), do RXP, e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
Destinatarios dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, se for o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en ( <a href="https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos">https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos</a> ).
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	( <a href="https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos">https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos</a> )



**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Orde do 30 de decembro de 2024 pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para a continuidade das casas niño que iniciasen a súa actividade entre o 1 de outubro de 2016 e o 31 de decembro de 2024, e se procede á súa convocatoria (código de procedemento BS403G).

**SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE**

Lugar e data

 ,  de  de 

Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica



**COMPROBACIÓN DE DATOS DA PERSOA QUE SE ENCARGARÁ DE SUBSTITUIR A TITULAR DA CASA NIÑO NOS SUPOSTOS DE ENFERMIDADE OU CALQUERA OUTRO MOTIVO DE AUSENCIA TEMPORAL DESTA.**  
BS403G- AXUDAS PARA A CONTINUIDADE DAS CASAS NIÑO

**DATOS DA PERSOA QUE SE ENCARGARÁ DE SUBSTITUIR A TITULAR DA CASA NIÑO NOS SUPUESTOS DE ENFERMIDADE OU CALQUERA OUTRO MOTIVO DE AUSENCIA TEMPORAL DESTA.**

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

**COMPROBACIÓN DE DATOS**

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓÑOME Á CONSULTA
DN/NIE	<input type="checkbox"/>
Titulacións oficiais universitarias	<input type="checkbox"/>
Titulacións oficiais non universitarias	<input type="checkbox"/>
Certificación negativa do Rexistro Central de Delinquentes Sexuais	<input type="checkbox"/>

**INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS**

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería de Política Social e Igualdade.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais inclúiranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Legitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigos 6.1, letras c) e e), do RXP, e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
Destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, se for o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en ( <a href="https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos">https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos</a> ).
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	( <a href="https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos">https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos</a> )

**SINATURA DA PERSOA QUE SE ENCARGARÁ DE SUBSTITUIR A TITULAR DA CASA NIÑO NOS SUPOSTOS DE ENFERMIDADE OU CALQUERA OUTRO MOTIVO DE AUSENCIA TEMPORAL DESTA.**

Lugar e data

 ,  de  de 

Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica




**XUNTA  
DE GALICIA**

 CONSELLERÍA DE  
POLÍTICA SOCIAL  
E IGUALDADE

**ANEXO III**
**SOLICITUDE DE PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN CASA NIÑO**  
 BS403G- AXUDAS PARA PARA A CONTINUIDADE DAS CASAS NIÑO

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE		
<b>IDENTIFICACIÓN</b>		
TIPO	PAÍS EMISOR IDENTIFICACIÓN	Nº DE IDENTIFICACIÓN
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<b>E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)</b>		
<b>IDENTIFICACIÓN</b>		
TIPO	NÚM.	PAÍS EMISOR
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
NOME DA CASA NIÑO		CONCELLO
<input type="text"/>		<input type="text"/>
<b>DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA</b>		
<input type="checkbox"/> Documentación para a xustificación.		
<input type="checkbox"/> Memoria de actuación asinada pola persoa responsable da casa niño onde consten as actividades realizadas cos nenos e nenas e todas as prestacións realizadas ás familias		
<input type="checkbox"/> Acreditación documental, material e/ou gráfica, a través de fotografías, copias ou capturas de pantallas, do cumprimento da obriga de información e publicidade do financiamento público da acción subvencionada		
<input type="checkbox"/> Documentación para que se abone a axuda de investimento.		
<input type="checkbox"/> Unha relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe, data de emisión y de pagamento.		
<input type="checkbox"/> Copia das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente do total dos gastos realizados xunto cos xustificantes bancarios que acrediten o seu pagamento.		



COMPROBACIÓN DE DATOS	
Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	<b>OPÓÑOME Á CONSULTA</b>
Certificación de estar ao día nas obrigas coa Seguridade Social	<input type="checkbox"/>
Certificación de estar ao día nas obrigas tributarias coa Facenda da Comunidade Autónoma de Galicia	<input type="checkbox"/>
<b>CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS</b> A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.	<b>AUTORIZO A CONSULTA</b>
Certificación de estar ao corrente das obrigas tributarias emitida pola AEAT	<input type="radio"/> Si <input type="radio"/> Non

  

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS	
Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería de Política Social e Igualdade.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais inclúiranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigos 6.1, letras c) e e), do RXP, e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
Destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, se for o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en ( <a href="https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos">https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos</a> ).
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	( <a href="https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos">https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos</a> )

  

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE	
Lugar e data	<input type="text"/> , <input type="text"/> de <input type="text"/> de <input type="text"/>

Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica







ANEXO IV

REGISTRO MENSUAL DE ASISTENCIA Á CASA NIÑO  
BS403G - AXUDAS PARA A CONTINUIDADE DAS CASAS NIÑO

CASA NIÑO:  CONCELLO:

PERSOA TITULAR:  NIF:  MES:

DATOS DO/DA NENO/A						PAI, NAI OU TITOR/A LEGAL					
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	DATA DE NACEMENTO	SEXO	RELACIÓN DE DIAS DE ASISTENCIA MENSUAL	HORARIO DE ASISTENCIA DIARIO	NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF	SINATURA
				<input type="radio"/> H <input type="radio"/> M							
				<input type="radio"/> H <input type="radio"/> M							
				<input type="radio"/> H <input type="radio"/> M							
				<input type="radio"/> H <input type="radio"/> M							
				<input type="radio"/> H <input type="radio"/> M							
				<input type="radio"/> H <input type="radio"/> M							
				<input type="radio"/> H <input type="radio"/> M							
				<input type="radio"/> H <input type="radio"/> M							
				<input type="radio"/> H <input type="radio"/> M							
				<input type="radio"/> H <input type="radio"/> M							
				<input type="radio"/> H <input type="radio"/> M							
				<input type="radio"/> H <input type="radio"/> M							
				<input type="radio"/> H <input type="radio"/> M							
				<input type="radio"/> H <input type="radio"/> M							

SINATURA DA PERSOA TITULAR DA CASA NIÑO

Lugar e data  ,  de  de